

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS AXENCIA
TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE
FERROL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DO
TURISMO NO XEODESTINO FERROLTERRA**

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento realizado no Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, e no seu nome e representación na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren no artigo 9 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, na Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol é unha administración pública de carácter local integrada polos concellos de: Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño. Esta Mancomunidade

constituíuse en xuño de 1971 cos municipios de Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón e Neda aos que se incorporou o concello de Valdoviño en 1977, o de Cedeira en 2010, e finalmente o de Cabanas en 2012.

Que no artigo 4^a dos Estatutos de Concellos da Comarca de Ferrol, establécense como fins do mesmo entre outros “ A promoción económica”.

Que os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os Concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo no xeodestino de Ferrolterra, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo na comarca de Ferrolterra, contribúen á potenciación do xeodestino que configura o ámbito desta comarca e a súa consolidación como destino turístico nacional e internacional, cos beneficios que isto supón para a xeración de emprego e redistribución da riqueza.

Ao mesmo tempo, dáse continuidade á colaboración establecida entre Axencia Turismo de Galicia e esta mancomunidade mediante a execución do Plan de Dinamización do Produto Turístico Ferrol- Ortegal no que colaboraron as administracións central, autonómica e provincial e a través do cal leváronse a cabo numerosas actuacións conseguindo asentar os piares dunha estratexia turística supramunicipal.

Os obxectivos que se propoñen acadar a través deste convenio son: a consolidación dos produtos turísticos poñendo en valor os recursos endóxeos da comarca; a consolidación dunha imaxe de marca, e a promoción e comercialización de produtos turísticos innovadores.

O xeodestino Ferrolterra conta cuns valores endóxeos de alto valor natural e paisaxístico que a converten nun destino único. Os concellos integrados nesta mancomunidade ocupan en total unha superficie de 444,4 Km², na que se encontran numerosos e importantes Espazos Naturais Protexidos, en particular o Lugar de Importancia Comunitaria Costa Ártabra, que percorre a maior parte da liña costeira formada polos nove concellos, e o Parque Natural Fragas do Eume en Cabanas, xunto co Lugar de Importancia Comunitaria Xubia-Castro entre Neda e Narón. A estes factores, engádese o feito de ser un dos puntos de partida do Camiño Inglés en Galicia, e un referente no eido do turismo industrial.

A través de todas estas vantaxes competitivas téntase poñer en valor o potencial turístico deste territorio especialmente castigado pola crise e cunha gran necesidade fomentar actividades económicas alternativas, como o turismo, que o dinamicen economicamente.

Todos estes obxectivos, responden ás liñas estratéxicas trazadas no Plan Integral de Turismo de Galicia 2013-2016.

En consideración ao anteriormente exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que permitan acadar os seguintes obxectivos:

- Integrar o conxunto de oportunidades para o desenvolvemento turístico existentes na comarca: recursos singulares, produtos desenvolvidos, implicación de empresariado e tecido asociativo, sinerxia entre administracións...
- Planificar de forma estratéxica e establecer as bases para a especialización e a maduración do produto e das distintas ofertas en futuras anualidades.
- Contribuír á definición e fortalecemento da marca turística Ferrolterra e dos seus produtos, como compoñente esencial na marca Galicia.
- Manter a continuidade das actuacións para o desenvolvemento turístico no territorio de Ferrolterra, tendo en conta o potencial deste sector para economía comarcal.

Para acadar estes obxectivos, está prevista a execución seguintes liñas de acción:

1. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN:

- a. Renovación de material:** Revisión mellora e actualización dos contidos do material promocional elaborados anteriormente e reimpresión e redistribución daqueles que esgotaran existencias.
- b. Promoción de recursos estratéxicos:** esta promoción estará orientada aos produtos turísticos centrados na observación de aves e no patrimonio xeolóxico. Contémplase ademais, a promoción dos espazos naturais protexidos cos que conta o territorio e do patrimonio industrial.
- c. Accións de street marketing:** colocación dun stand en eventos de temática diversa ou en espazos públicos como por exemplo centros comerciais de grandes cidades. De forma previa á execución destas accións estudarase a efectividade dos emprazamentos tendo en conta o público obxectivo de cada produto, en particular as familias.

2. MANTEMENTO, PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DA OFERTA DE “TURISMO SLOW”:

- a. Mantemento da oferta de Turismo Slow,** mediante a comprobación do mantemento das condicións de adhesión á marca e a actualización da información dos servizos.
- b. Ampliación da oferta de Turismo Slow,** mediante a difusión a todas as empresas potencialmente interesadas e a aplicación dos criterios de adhesión.
- c. Accións de promoción e comercialización:** contémplase a presenza en feiras que concentren público obxectivo deste produto (por exemplo Biocultura en Barcelona), a promoción a través de bonos-regalo, e outras actuacións nas que se aproveite a sinerxía con servizos afíns (por exemplo con FEVE).

3. ARTICULACIÓN DO PRODUTO E PROMOCIÓN DA MARCA COSTA DAS ONDAS:

Os traballos desenvolvidos neste eido os anos 2014 e 2015 tiveron como resultado a creación da marca turística “Costa das Ondas”. A través do presente convenio está previsto o desenvolvemento das seguintes accións para 2016

- a. **Vídeo promocional:** produción dun vídeo e un conxunto de clips especialmente pensados en canto á súa duración e contidos para lograr un impacto importante nas redes sociais.
- b. **Participación na organización de eventos en Ferrolterra,** de forma que a marca Costa das Ondas sexa integrada polos profesionais da comarca nas actividades con repercusión internacional.
- c. **Presenza en eventos de Surf noutros puntos de España,** coa finalidade de captar público obxectivo, en concreto familias.
- d. **Elaboración de material promocional impreso,** para a súa distribución nos eventos indicados e puntos de información turística.

4. TURISMO E CIDADANÍA:

- a. Promoción da iniciativa das **Meninas de Canido** e contribución ao seu desenvolvemento, de forma coordinada do concello de Ferrol.
- b. **Intervencións de “Street Art”** similares noutros puntos estratéxicos da comarca, co obxectivo de reducir o impacto visual de determinadas construcións e xerar unha percepción mellor do territorio por parte dos turistas como da cidadanía.
- c. Accións nas **redes sociais** nas que os cidadáns de Ferrolterra exerzan de anfitrións e prescritores no territorio, por exemplo vídeos en Youtube en distintos idiomas nos que os locais expliquen que lles gusta desta terra e por que. Esta iniciativa basearíase na participación cidadá pero sería planificada, articulada e coordinada por expertos en procesos participativos e redes sociais.

5. COORDINACIÓN: coordinación, planificación e seguimento das accións executadas a través do convenio que será levada a cabo por unha empresa especializada. Esta actuación correrá a cargo da Mancomunidade Ferrolterra.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a setenta e cinco mil euros (75.000,00 €) dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016 sesenta mil euros (60.000,00 €) con cargo á aplicación 04A2.761A.760.3, adecuado e suficiente, e que se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I.

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol a cabo unha achega de quince mil euros (15.000,00 €) que se destinarán ao pagamento dos gastos de xestión e coordinación das actividades.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de sesenta mil euros (60.000,00 €), que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia realizará a súa achega mediante anticipo do 100% da mesma, unha vez asinado o presente convenio.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia a Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol queda exonerado da constitución de garantía.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada nos recursos pasaxísticos, o medio mariño e o turismo industrial.

Estas accións enmárcanse nunha estratexia de continuar a desenvolver accións nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de manter a colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Cuarta.- Compromisos da Mancomunidade

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma

finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

- En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos

artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Quinta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, para o que a Mancomunidade deberá presentar:
 - Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.
 - Certificación detallada dos gastos expedida pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para que foi concedida, na que se consignarán os importes executados e a relación de facturas correspondentes así coma o cumprimento do compromiso de recoñecemento de obriga ou pagamento no seu caso.
 - Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia simple do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais; no seu caso achegaranse os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.
 - Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.
 - Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio.

- Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio.
 - Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.
2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.
 3. O prazo para xustificar por parte da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2016. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Mancomunidade deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sexta.- Garantía de pagamento

Estableceranse as seguintes obrigas:

1. O prazo máximo para a realización do pago comprometido, queda fixado no día 31 de decembro de 2016 .

2. O prazo para a reclamación por parte da Mancomunidade Ferrolterra en caso de incumprimento do pago comprometido pola Axencia de Turismo de Galicia, queda fixado nun período máximo de 10 días dende a finalización dos prazos establecidos no punto anterior.

Sétima- Comisión de seguimento

Noméase unha comisión de seguimento e control integrada por un/dous membros de cada unha das dúas partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Composición: Dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol

Presidencia: A Directora de Turismo de Galicia ou persoa en quen delegue

Secretario: O presidente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol ou persoa en quen delegue.

O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os acordos da Comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

Corresponderán á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Elaborar e aprobar as accións que se detallan no anexo ao presente convenio.
- A interpretación do presente convenio, resolvendo todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.

- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Oitava- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2016. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016 A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do artigo 4º.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Décima.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

POLA XUNTA DE GALICIA

A DIRECTORA DE TURISMO
DE GALICIA

**POLA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA
COMARCA DE FERROL**

O PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE

M^a Nava Castro Domínguez

ANEXO I

ACCIÓNS	ORZAMENTO
1. COORDINACIÓN (aportación Mancomunidade)	15.000,00 €
2. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN	18.000,00 €
3. MANTEMENTO, PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DA OFERTA DE TURISMO SLOW	16.000,00 €
4. ARTICULACIÓN DO PRODUCTO E PROMOCIÓN DA MARCA COSTA DAS ONDAS	16.000,00 €
5. TURISMO E CIDADADANÍA	10.000,00 €